



**Resolución do 30 de xuño de 2020 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020/21, convocada pola resolución do 17 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia n.º 127, do 29 de xuño) e pola que se resolven as solicitudes de non participación no concurso de adxudicación de destinos provisionais 2020/2021.**

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 14 de xuño de 2018, publicouse a Orde do 7 de xuño de 2018 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (ED002B).

No artigo 39 da dita orde establécese que o persoal interino e substituto que estea nunha situación das que se relacionan no dito artigo poderá solicitar cada curso académico non participar nesta convocatoria (...) sen perder o número de orde na lista correspondente e sen que se admitan renuncias parciais, nos supostos recollidos no punto décimo cuarto da Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias. Para estes efectos o pasado 25 de maio de 2020 abriuse o prazo correspondente para que as persoas interesadas puideran solicitar a súa non participación no concurso de adxudicación provisional de destinos para o curso académico 2020-21, e unha vez rematado o dito prazo o pasado 12 de xuño, procedeuse ao estudo das solicitudes presentadas e da documentación xustificativa achegada no seu caso.

Así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia* n.º 127, do 29 de xuño de 2020, publicouse a Resolución do 17 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020/21 entre o persoal docente pertencente aos corpos catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

No apartado terceiro da dita resolución establécese que “*as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos, por lista única cando proceda e por especialidades e orde de prioridade, publicaranse no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal/> o 30 de xuño de 2020*”.





En consecuencia, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

**RESOLVE:**

Primeiro. Estimar as solicitudes de non participación no concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020-2021 que constan no Anexo I desta resolución.

De acordo co establecido no artigo 39.1 a solicitude de non participación estimada supón que non se realizará chamamento para cubrir interinidades ou substitucións durante todo o curso académico, agás no suposto de ter renunciado por ter un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos con carácter temporal noutro posto do sector público. Nestes casos pódese reincorporar aos chamamentos á finalización do contrato ou da prestación de servizos, logo de solicitude expresa e acreditación do cumprimento desta condición.

En todo caso, nas solicitudes de non participación estimadas pola causa de ampliación de estudos, quedan suxeitas á posterior presentación da documentación xustificativa da matrícula, de ser o caso de polo menos 30 créditos en estudos dirixidos á obtención dun título de doutor, máster oficial ou grao, ou equivalente, ou de técnico superior, así como da acreditación da realización das correspondentes probas ao final do curso académico polo que no caso de que non se cumpra coa dita obriga, iniciárase o procedemento correspondente para a expulsión das listas de interinidades e substitucións que proceda.

Segundo. Desestimar as solicitudes de non participación no concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020-2021 que constan no Anexo II desta resolución polos motivos que nel se indican.

Terceiro. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal/> da relación de solicitudes de non participación estimadas (Anexo I) e da relación de solicitudes de non participación desestimadas (Anexo II) indicadas nos apartados anteriores.

Cuarto. Aprobar as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020/21 (Anexo III-Primaria e Anexo IV-Secundaria), convocada pola resolución do 17 de xuño de 2020 (DOG n.º 127, do 29 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade e orde de prioridade.

Quinto. Aprobar as relacións provisionais do persoal docente interino e substituto excluído das listas de obrigados a participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2020/21 (Anexo V-Primaria e Anexo VI-Secundaria), por algunha das causas da perda do dereito á permanencia nas listas de chamamentos previstas na Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

Sexto. Ordenar a publicación das citadas relacións provisionais no portal da Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal/> e abrir un prazo de cinco días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva de persoal





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
981 54 6558  
www.edu.xunta.gal

galicia

docente que ten a obriga de participar. A data previsible de publicación da lista definitiva é o 24 de xullo de 2020.

Sétimo. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

